

29
de
marzo

A mocidade galega coa

FOLGA XERAL


DESDE a CIG- Mocidade rexeitamos a nova Reforma Laboral aprobada polo Goberno do PP, porque non vai crear emprego, e só busca eliminar dereitos, precarizando até o escravismo as condicións laborais das mozas e dos mozos.

Os contratos para a formación e a aprendizaxe da mocidade, empeoran os aprobados polo Goberno do PSOE, facéndonos traballar até os 30 anos a idade, durante incluso 3 anos, cun salario de apenas 480 euros ao mes, podendo volver contratarnos baixo esta modalidade, se nos cambian de actividade ou ocupación, desvinculando o contrato da posibilidade de obtermos unha titulación a través da formación. Pretenden condenarnos a sermos “aprendices” eternamente até que cumpramos 33 anos, na mesma empresa ou en distintas empresas e sectores.

Pero aínda dan un paso máis. O Goberno do PP aposta pola contratación a tempo parcial, modificando a regulación deste tipo de contrato exclusivamente para “legalizar” a realización de horas extras, favorecendo o uso fraudulento deste tipo de contrato, e permitindo, xa que logo, que traballemos máis horas sen cobrar nin cotizar.

Imponse o despedimento libre e gratuíto, xeneralizando a indemnización a 20 días por ano, dándolle todo poder ao convenio de empresa en contra do sectorial, facilitándolles as empresas reducir os nosos miserábeis salarios, modificar a xornada de traballo, os horarios, ao tempo que se fomenta o traslado do persoal, e así ao desaparecer as categorías profesionais todas/todas faremos de todo sen dereitos. Abonda con que a empresa diga que ten perdas económicas ou simplemente redución de ingresos e vendas para converternos de vez nos seus servos e servas.

Crean un novo contrato indefinido, cunha forte bonificación fiscal e cun período de proba de nada menos que 1 ano de duración, tempo durante o cal a moza ou mozo contratado poderá ser despedido sen causa ningunha e sen ningunha indemnización, polo que as empresas poderán contratarnos baixo esta modalidade, gozar das axudas públicas e despedirnos gratis.



Non á reforma laboral do PP !!!



Non á reforma laboral do PP !!!



Estamos ante un ataque contra o dereito do traballo. Esta Reforma nin vai crear emprego nin é a medida necesaria para saír da crise. Esta Reforma Laboral non vai resolver que Galiza lidere a destrución de emprego e a emigración xuvenil do Estado español.

É tempo de compromiso, de loita, conscientes de que os dereitos que temos non foron regalados, senón que os dereitos se conquistan. Porque existen alternativas a esta reforma e a este sistema, pero que hai que pelexalas. A saída da crise, a creación de emprego, pasan por un cambio radical no modelo

económico, social e político, pola capacidade de produción dos nosos sectores básicos, polo investimento públicos, por termos unha Banca Pública Galega que se poña ao servizo do pobo galego, etc. Non pasan, desde logo, por unha reforma que busca o escravismo e a pobreza para así ter man de obra barata, condenada a emigrar e sen dereitos de ningún tipo.

Por todos estes motivos, participa nos actos e mobilizacións que culminarán o 29 de marzo nunha folga xeral en Galiza. Porque está en xogo o noso presente pero sobre todo o noso futuro.

**INFÓRMATE, PARTICIPA E MOBILÍZATE
COA CIG-MOCIDADE NA FOLGA ESTUDANTIL
E NA FOLGA XERAL CONVOCADA EN GALIZA O DÍA 29!**

**Acude ás
mobilizacións!**

**FOLGA
XERAL**

